

## ANUNCIO

### Limpeza de maleza en fincas de titular descoñecido

Informada polo Técnico municipal de Medio Ambiente informa a imposibilidade de coñecer ao propietario ou titular catastral de sete fincas sitas na zona histórica de Monforte, tendo en conta as competencias municipais en materia de medio ambiente, de prevención de lumes e de ornato e salubridade públicas, e o que figura no artigo 135 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e no artigo 332 do seu Regulamento, sobre as obrigas dos propietarios de terreos, e considerando o previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, sobre notificación edital, cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, a **Xunta de Goberno Local** en sesión do 27 de marzo de 29017 adoptou o **acordo** que a continuación se transcribe:

“Dirixirse, mediante anuncio no BOE, no BOP, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios, aos propietarios, titulares ou responsables descoñecidos das seguintes fincas, situadas na zona da rúa Falagueira, de Monforte de Lemos:

Dirección	Referencias catastrais
R/ Falagueira, 16	2590002PH2029S
R/ Burato, 13	2590004PH2029S
R/ Burato, 11	2590005PH2029S
R/ Portanova, s/n	2601508PH2029S
R/ San Vicente, s/n	2592007PH2029S
R/ Falagueira, s/n	2591609PH2029S
R/ Falagueira, 20	2691504PH2029S

Nos seguintes termos:

“As parcelas indicadas non reúnen as condicións de ornato e limpeza establecidas polo **artigo 5** da ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa do Concello de Monforte de Lemos, que para o efecto dispón:

“ (...)Os propietarios e/ou arrendadores de fincas incluídas en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, teñen a obriga de mantelas limpas e desbrozadas de todo tipo de vexetación e nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder á súa desinfección e desratización periódica.”

Así mesmo, o **artigo 6** de dita ordenanza dispón a súa vez:

“ De acordo co disposto na Lei 3/2007 os propietarios ou titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos ubicados en solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural, que estean a menos de 50 metros do perímetro do monte deberán mantelos limpos e rozados de vexetación de acordo cos bandos e instrucións ditados pola Alcaldía, e en todo caso antes do 30 de xuño de cada ano.

Esta mesma abruga terán os propietarios ou titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos situados nunha franxa de 50 metros arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais, que estean a menos de 400 metros do monte.

Ademais nos primeiros 30 metros dende o límite da propiedade, non poderá haber especies das sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, agás se trate de árbores singulares, illadas ou que cumpran funcións ornamentais e árbores froiteiras.

Tamén no **artigo 13**. da citada ordenanza municipal sobre a limpeza de terreos, distancias das plantacións e xestión da biomasa, establece como infracción leve o incumprimento dos requirimentos realizados polo Concello transcorridos o prazo sinalado polo Concello.

Infracción que aparelha a correspondente sanción de entre 100 e 750 €.

A **Disposición transitoria** de dita ordenanza da un prazo para as plantacións de árbores existentes á entrada en vigor da presente Ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, se atopen a unha distancia menor á

regulada no seu artigo 9, que disporán dun período máximo de dous anos para adaptarse á citada disposición, agás autorización do órgano competente da Xunta de Galicia en materia forestal.

Polo exposto e a vista de que estes terreos non se atopan nas debidas condicións de hixiene e ornato, ó presentar maleza ou residuos, deben, no prazo máis breve posible, e en todo caso no prazo dun mes dende a inserción deste acordo no BOE, a retirar quen resulten propietarios, titulares ou responsables, a retirar a maleza e/ou residuos que hai na finca.

Coa advertencia expresa de que de non facelo pode proceder o concello á execución forzosa de dita actuación, ben mediante a imposición de multas coercitivas ou ben mediante a execución subsidiaria dos traballos de limpeza sendo de conta dos responsables tódolos gastos ocasionados.

Sen prexuízo do anterior, pódese incorrer na comisión dunha infracción tipificada no artigo 13 da citada ordenanza municipal sobre limpeza de terreos, distancias das plantacións e xestión da biomasa, deste Concello, o que levará consigo a imposición dunha sanción de entre 100 e 750 €.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante o órgano que ditou a resolución, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio.- Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.”

O que se fai público para cumprir o acordo transcrito da forma que no propio acordo figura.

Monforte de Lemos, 30 de marzo de 2017.

O Alcalde

  
José Tomé Roca